



Marcos Vázquez Marey

Labrador de Láncara, Lugo
Doutorando da Universidade de Santiago de Compostela (USC)

De comer se trata

► NON É QUE QUEDASE A XENTE QUE NON VALÍA PARA OUTRA COUSA; É XUSTO O CONTRARIO, QUEDOU A QUE TIÑA CAPACIDADE PARA FACELO

A terra grava a lume e poderíase dicir que ela te elixe, ten alma... Extráíase do pensamento de Rosalía de Castro no poema “Adeus ríos, adeus fontes...” ou do de Miguel de Cervantes plasmado en *O Quixote*. Declaro a intención de apelar ás emocións para superar plans a curto prazo, afectados por tópicos ou cargados de mediocridade mercantilista. Síntoo, o esforzo de traballar directamente a terra nun mundo tan contaminado polo ruído de fondo faime ver con claridade a necesidade de defender a postura de que o equilibrio entre terra e xente no campo é algo imprescindible para poder falar de sustentabilidade no planeta.

O dilema empeza coa dualidade de cuestións: cal é ese punto de equilibrio? Cal é a definición correcta de sustentabilidade do planeta? E, se buscamos respostas, sobre todo de quen non traballa a terra, atopámonos con máis preguntas, tales como “quen, de onde e como se explotan os datos?”, “quen tenta chegar a acordos?”, “quen ve medrar o seu ego en función do tamaño das cousas?”, “quen quere que siga a batalla sobre o que é correcto ou non?”.

Do primeiro, o equilibrio terra-xente

Se nos remontamos ás orixes da palabra ‘cultura’, non se pode fuxir da proximidade coas do termo ‘agricultura’. O cultivo, a crianza, a maduración... tanto da mente coma da terra tiveron as repercusións positivas das que hoxe todos e todas

gozamos. O contacto coa terra recupera a esencia da persoa e das súas necesidades elementais. En cambio, todos os algoritmos indican que a poboación humana a nivel mundial crecerá moito nos vindeiros anos e de forma exponencial nalgunhas rexións do planeta, mais o curioso é que se dá por asumido o abandono de terras de cultivo. Tan só con introducir nun buscador da Rede a frase “aldeas abandonadas” aparecen as razóns que redundan na mente de todos/as e que adoitan ser complexidade de acceso á formación, complexidade de acceso á sanidade, complexidade de acceso ao lecer...

A casa de labranza da miña familia está situada en Trasliste, no concello lucense de Láncara, a 20 km de Lugo pola N-VI e a 15 min do Hospital Universitario Lucus Augusti (Hula), un hospital dos máis modernos e equipados de Europa; non obstante, nos últimos vinte anos neste lugar reduciuse á metade a poboación e dous terzos o número de explotacións. Como este exemplo, existen miles e neste caso non foron as razóns que comunmente se citan, foron outras que apuntarei, pero que levarán á aldea a desaparecer, cando as condicións, miradas desde as ópticas máis realistas, serían idóneas para vivir.

Do segundo, a sustentabilidade do planeta

Queda demostrado o noso “poder” sobre o planeta coa maior evidencia que é o cambio climático, ou

► O CAMPO NECESITA XENTE, É COUSA DE TODOS E TODAS

sexa, as nosas actividades como especie son capaces de alterar o ritmo dos acontecementos naturais a nivel planetario. Que sustentabilidade buscamos? A do planeta? Atoparaa sempre, aínda que sexa expulsándonos. Outra cousa é que persigamos “a nosa sustentabilidade no planeta”, para a cal teremos que aliarnos con el necesariamente; para iso temos que revisar que “campo” queremos, se un con terra ou outro con “terra e con xente”, lembrando as orixes da “agri-cultura”, onde a simbiose entre as actividades produtivas no campo e a cultura fixeron progresar tanto esta sociedade.

Non quero entrar en disquisicións científicas nin na análise nin na explotación de datos, pero si tentar cambiar o enfoque, o encadramento e a profundidade de campo cara a onde apuntamos de forma xeral. Existen exemplos moi destacables de proxectos de vida no rural que se apartan do que está de moda e pensan doutro xeito; pensan en “exemplarizar” para repoboar o rural, en ser flexibles para conseguilo e en valorar a humildade como poderosa ferramenta.

Citarei tres casos de campesiñas que, malia estar separadas entre elas no territorio español, teñen un fío común, viven no campo e para o campo: son Marta García, da gandería Val do Mazo (Cantabria); Paola del Castillo (Tarifa, Cádiz), e Ermidas Rodríguez, de Beealia (Meira, Lugo). Estas labradoras teñen algo en común: capacidade, formación e talento para desenvolver o seu proxecto en contacto coa terra.

Nomeo persoas concretas para resaltar a importancia de que o campo sempre estivo poboado coa mellor xente, a pesar de que se popularizou o contrario, chegando a utilizar a palabra “labrego” como sinónimo de “paleta”. Este tópico fixo moito dano, porque era totalmente falso, mesmo dito por estudosos do tema (Lourenzo Fernández Prieto, USC); non é que quedase a xente que non valía para outra cousa; é xusto o contrario, quedou a que tiña capacidade para facelo.

Afortunadamente, hoxe as cousas son distintas e, aínda que a

competitividade é atroz, temos máis recursos que as xeracións que nos precederon e o acceso á información e á formación é máis democrático. Penso tamén que un dos grandes puntos fortes do noso territorio é que souberon e saben “convivir” máis dun modelo de rural e de aproveitamento da terra; sempre houbo o grande, o pequeno e o mediano, e sempre conviviron e seguen a facelo. Pode ser que esta sexa a grande oportunidade? Cal é a diferenza entre un labrego ou labrega de 20 vacas ou o de 200 vacas se en ambos os casos viven e conviven? Talvez, se en Galicia todos e todas as labregos/as fosen grandes ou todos fosen pequenos, non estaríamos no punto no que estamos: estar de acordo en que o rural en Galicia ben xestionado é a grande oportunidade.

Na miña humilde achega, neste momento da miña vida pelexo con forza en tres frontes: a primeira, na continuidade da casa de labranza da miña familia; a segunda, realizando unha tese doutoral, na que estudo a satisfacción de traballar no medio rural e, a terceira, desde un labor institucional á fronte do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo, impulsando un programa que levará o nome de “Aterra” e que consistirá en conectar labradores con casas de labranza sen continuidade con estudantes universitarios aos que non lles importe asumir esta realidade.

Pídovos a todos e a todas que acheguemos o que estea na nosa man para poñer en valor a vida no campo; sempre hai algo que se pode facer; non desistamos no intento. Aos técnicos pídolles humildade, exemplo e flexibilidade; a calquera que lle guste o traballo no campo pídolle que busque a unha persoa que teña unha explotación a piques de pechar e que non teña substitución; bríndome a axudar, que me chame a calquera hora; aos políticos pídolles que esquezan a política de voto xa; non podemos seguir así, e á prensa, que diga a verdade aínda que sexa incómoda.

O campo necesita xente, é cousa de todos e todas. ■